

TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



CONCELLO DE
SANTIAGO

DOCUMENTACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. (INCOLSA):

- PROGRAMA ANUAL DE ACTUACIÓNS, INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO 2014
- ESTADO DE PREVISIÓN DE INGRESOS E GASTOS PARA O EXERCICIO 2014
- ESTADO PREVISIONAL DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS ABREVIADA PARA O EXERCICIO 2014



PROGRAMA ANUAL DE ACTUACIÓNS, INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO 2014 DA SOCIEDADE MUNICIPAL INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A.

MISIÓN

A misión de INCOLSA é consolidar o posicionamento de Santiago como un destino turístico de referencia internacional. En esencia, esta é a finalidade que se recolle na serie de actividades definidas no obxecto social dos seus estatutos.

OBXECTIVO FUNDAMENTAL

A fórmula de actuación da empresa para acadar os obxectivos plantexados, pasa pola redución dos custos innecesarios, así como polo incremento dos recursos propios mediante a comercialización de produtos propios da entidade, a través da central de reservas e de puntos de venda na oficina central.

O obxectivo de diferenciarnos como destino, incrementar a estancia media e desestacionalizar a demanda, debe lograrse destacando o atractivo turístico da cidade, que se debe a factores como a excepcionalidade, singularidade, variedade de recursos turísticos, calidade da oferta hoteleira, existencia de excelentes equipamentos culturais, gastronomía, mellora das comunicacóns ou á súa proxección internacional como destino turístico universal.

1. OBXECTO SOCIAL

Desde a modificación estatutaria aprobada pola Xunta Xeral da sociedade na sesión celebrada con data 27 de xuño de 2013, constitúe o obxecto social de "INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A." (INCOLSA):

- a) A comunicación impresa mediante revistas, folletos, carteis e calquera outro medio que se estime necesario.
- b) A producción, reproducción e difusión de imaxes e sons, a través dos sistemas que se consideren oportunos.
- c) O fomento e promoción da actividade turística xeral no ámbito municipal en colaboración e cooperación coas restantes Administracións públicas e especialmente cos restantes Concellos da comarca de Santiago de Compostela.

00.361

- d) O estudo, xestión e execución de plans de dinamización e excelencia turística e programas de actuación concertados con Administracións e outras institucións e entidades públicas e privadas de índole turística ou de comunicación e información.
- e) O desenvolvemento e xestión de campañas de información, comunicación e promoción turística e cidadá.
- f) A explotación comercial de publicacións, folletos, imaxe corporativa, símbolos e anagramas, titularidade do Concello de Santiago, así como aqueles outros que se poidan elaborar ou producir pola propia Sociedade.
- g) A xestión das oficinas de información turística e cidadá e a producción de cantos outros servizos turísticos se consideren necesarios para o desenvolvemento do sector no municipio.
- h) Cantas actividades ou funcións sexan anexas ou complementarias das anteriores e, en xeral, todas aquelas encamiñadas á promoción da cidade de Santiago e dos seus habitantes.
- i) Crear e desenvolver redes relacionadas coa xestión, investigación e innovación do impacto turístico nos novos desenvolvimentos urbanos e nos xa existentes co obxecto de garantir un equilibrio sostible entre a poboación residente e a actividade propiamente turística no ámbito do Concello de Santiago.
- j) Cooperar, asesorar e establecer relacións con institucións locais, rexións, nacionais e europeas, así como empresas, colectivos e outras asociacións de carácter nacional e internacional relacionadas coa xestión, investigación, innovación e creación.
- k) Axudar ao desenvolvemento sostenible e ao mantemento dos nosos recursos históricos, urbanos, naturais, medioambientais e culturais, con especial atención ao que poida contribuír a mellorala calidade de vida e o benestar social dos cidadáns sexa cal for a súa idade e condición.
- l) Investigar e promover solucións aos problemas provocados pola evolución dos sistemas sociais, culturais e os desequilibrios xerados polos novos modelos de vida.
- m) Xestión de todo tipo de bens de titularidade municipal que sexan precisos ou axeitados para o cumprimento do seu obxecto social.
- n) Desenvolvemento e xestión do turismo de congresos na cidade.

O desenvolvemento do obxecto social de INCOLSA constitúe unha forma de xestión directa dun servizo público de competencia local, de conformidade co establecido no art. 85 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, sendo medio propio e servizo técnico do Concello de Santiago, nos termos contemplados no art. 24.6 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e demais normativa que a complemente, desenvolva ou substitúa, para calquera encomenda e en calquera procedemento de adxudicación de contratos nas materias comprendidas no seu obxecto social.



2. PROGRAMA DE ACTUACIÓN

Para desenvolver esta misión é fundamental traballar nos diferentes aspectos do proceso turístico, que se poden sintetizar en:

2.1.- PROMOCIÓN E INFORMACIÓN TURÍSTICA:

Desenvólvese a través de: presenza en feiras e eventos sectoriais, participación en redes de destinos turísticos e organización de viaxes de familiarización de decisores e creadores de opinión no sector turístico. Ademais, no ámbito da promoción, Turismo de Santiago conta con dous servizos especializados: o Santiago de Compostela Convention Bureau, encargado da captación de congresos e reunións, e a Santiago de Compostela Film Commission, encargada da captación de producións audiovisuais que promocionen a cidade.

Os servizos de atención turística, oriéntanse a informar aos turistas que veñen a Santiago das posibilidades que ofrece a cidade, así como a resolver as súas dúbihdas respecto da mesma, tanto persoalmente nas oficinas dispoñibles, como telefonicamente ou a través de correo electrónico. A oficina municipal de turismo, permanece aberta todo o ano, excepto os días 1 e 6 de xaneiro e 24 e 25 de decembro. Nesta oficina aténdense todas as consultas tanto presenciais como non presenciais ata en 9 idiomas diferentes e linguaxe de signos.

Ao igual que en anos anteriores o obxectivo de cara ao 2014 é prestar un servizo de información turística rexido pola calidade, nun ano no que se prevé un número moi importante de turistas e visitantes, para o que se ampliará o servizo habitual con persoal contratado para os meses de maior carga de traballo (dende Semana Santa ata outubro).

No ámbito da Promoción turística, levaranse a cabo accións nos principais mercados nacionais, europeos e internacionais.

Para o exercicio 2014, o Concello de Santiago, a través da empresa municipal, prevé a execución dunha campaña para promoción de Santiago de Compostela en mercados nacionais e internacionais estratéxicos, coa intención de xerar oportunidades de turismo e negocio na rexión.

INCOLSA, participa así mesmo nas accións de promoción organizadas por Redes e Asociacións nas que participa. As principais son as seguintes:

- Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España
- Spiritual Pilgrimages: Santiago-Kumano

00.1363

- Cidades Santas Patrimonio da Humanidade
- ETOA
- Accións con TURESPAÑA
- Accións con TURGALICIA
- Accións Ano Dual España – Xapón

Na área de promoción tamén se prevé a asistencia ás principais feiras sectoriais de turismo, FITUR en Madrid, TTG de Rimini, ITB Berlín, WTM Londres, JATA Tokio, Holiday World en Dublín, EMITT en Estambul , ABAV en Sao Paulo, KOFTA en Corea e MITT en Moscú.

O Santiago de Compostela Convention Bureau (SCCB) é un servizo de Turismo de Santiago, que ten como principal obxectivo a promoción e difusión de Santiago de Compostela como destino turístico de congresos, convencións, eventos e incentivos, co fin de garantir a perfecta planificación e desenvolvemento dos eventos e da estancia en Santiago de Compostela.

Os servizos que presta inclúen:

- Busca de espazos para conferencias, reunións, presentacións, ceas, cócteles, ...
- Planificación do programa de ocio complementario – itinerarios, visitas, programas de incentivos, ...
- Busca e cotización de aloxamentos, servizos de restauración e outros servizos.
- Integración do motor de Reservas nas páxinas web dos eventos.
- Apoio ás candidaturas e presentacións oficiais do destino: preparación de candidaturas de congresos con información completa do destino e dossier personalizado.
- Servizo de secretaría técnica virtual para congresos.
- Interlocución entre as empresas organizadoras de eventos e as empresas provedores locais, especializadas no sector.
- Coordinación coas autoridades municipais para a utilización de edificios municipais de tradición histórica e monumental, ou ben usos especiais de espazos públicos.

Ademais, e como complemento aos servizos básicos, o SCCB pode proporcionar un amplo abano de ferramentas promocionais e de marketing:

- Información turística (planos, folletos, guía cultural, ...)
- Imaxes e material audiovisual.
- Apoio na difusión do evento.



TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



CONCELLO DE
SANTIAGO

Como ferramentas de información e promoción, o SCCB conta coa páxina web de Turismo de Santiago, na que hai un apartado dedicado exclusivamente ao Turismo de Reunións, e unha guía da cidade como destino de Turismo de Reunións.

As liñas estratégicas de actuación do SCCB pretenden diferenciar Santiago de Compostela como destino MICE, mediante unha estratexia baseada principalmente na realización dunha labor comercial directa entre os posibles xeradores de congresos, convencións e incentivos.

A promoción do SCCB baséase en cinco directrices:

- Accións de marketing directo con prescritores e potenciais organizadores de reunións e eventos, sobre todo mediante visitas comerciais.
- Participación nas feiras sectoriais más importantes a nivel nacional e europeo.
- Organización de viaxes de familiarización para OPC's, Incentive House e Decision Makers de grandes empresas.
- Presentacións comerciais a grandes grupos verticais, grandes axencias especializadas e departamentos de eventos e reunións de empresa mediante presentación do destino, produto e servizos.
- Participación en presentacións, roadshows, workshops organizados por organismos dos que o SCCB forma parte, como o Spain Convention Bureau ou o Grupo Cidades Patrimonio da Humanidade, sempre e cando se trate de mercados estratégicos e ben comunicados coa nosa cidade por vía aérea.

As principais accións previstas para 2014 para o SCCB son:

Semanas de Comercialización

Realización de accións comerciais en empresas dirixidas a : travelmanagers, responsables de CCI, (Organizadores de Congresos, Convencións e Incentivos), directores de implants, xerentes, presidentes, directores de departamentos, secretarias de dirección, etc. de multinacionais e grandes compañías de diferentes sectores empresariais, asociacións profesionais, colexios oficiais, empresas organizadoras de eventos, axencias de viaxe especializadas, etc . en Madrid e Barcelona.

Feiras

- Imex Frankfurt
- EIBTM Barcelona

00.365



TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Famtrips

Viaxes de familiarización para OPC's, Incentive House e Decision Makers de grandes empresas. Existe a posibilidade de convidar tamén a prensa especializada en colaboración coas OETs.

Presentacións, Xornadas Directas e Inversas e Workshops

Workshops para OPCs, Corporate e Decision Makers de grandes empresas, en colaboración co Spain Convention Bureau, nos mercados Belga/Holandés, Británico e Alemán.

O obxectivo da promoción externa no ano 2014 é dar a coñecer a ampla oferta turística de Santiago aos múltiples tipos de prescriptores (axencias de viaxes, touroperadores, organizadores de congresos e reunións, produtores audiovisuais, xornalistas, etc).

2.2.- MARKETING:

Dentro desta área preténdese fomentar e desenvolver diferentes actividades na cidade co fin de aumentar o seu atractivo turístico, ao tempo que crea unha conciencia empresarial e cidadá de cara a determinados ámbitos ou segmentos que se consideran estratégicos para o desenvolvemento turístico de Santiago.

O obxectivo da área de publicacións de cara ao 2014 é transmitir unha imaxe de Santiago como unha cidade con múltiples e diversos atractivos turísticos.

Dentro dos produtos propios cabe destacar os MP3, o tren turístico, os Walking Tours e o merchandising.

2.2.1.- Santiago en MP3.

No ano 2006 Turismo de Santiago lanzou unha iniciativa de visita autoguiada en MP3. Transcorridos 7 anos dende que se lanzou esta iniciativa pódese acreditar a boa acollida da mesma. Dun xeito cómodo, áxil e de fácil manexo, visitantes de todas as idades poden coñecer os principais recursos da cidade a través de 23 puntos de obrigada visita.

Dispoñible en 6 idiomas, é a única posibilidade que a cidade pode ofrecer para aqueles visitantes internacionais que non teñen visita guiada ordinaria no seu idioma.

Durante o 2011, procedeuse á ampliación dos contidos para incorporar a oferta de servizo autoguiado en MP3 aos edificios históricos visitables e museos con coleccións permanentes, dado



TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



CONCELLO DE
SANTIAGO

que a día de hoxe, a maioría deles non teñen adaptados os contidos aos tempos, nin á tecnoloxía e non ofertan accesibilidade idiomática dos mesmos.

2.2.2.- Tren turístico.

O Consello de Administración de INCOLSA, na sesión celebrada con data 29 de xullo de 2011, aprobou por en marcha o procedemento aberto para a contratación do servizo de explotación do tren turístico urbano, con itinerario fixo de Santiago de Compostela.

Como resultado deste procedemento de contratación, no mes de setembro adxudicouse, por un período de 5 anos, a explotación do tren turístico urbano de Santiago de Compostela á empresa Transportes Mosquera, S.L..

O tren realiza un percorrido arredor da Cidade Histórica, descubre xardíns, con arquitecturas de autor e permite gozar das vistas panorámicas da zona monumental e da Catedral. Funciona con carácter xeral todo o ano, variando as frecuencias dependendo da tempada.

2.2.3.- Compostela Walking Tours. Visitas Guiadas.

Turismo de Santiago, baixo petición de grupos e con reserva on line, é promotor dalgunhas das visitas guiadas que hai na oferta turística da cidade. Estas visitas comercialízanse baixo a marca paraugas Compostela Walking Tours, e son realizadas por guías profesionais.

As visitas son: Conventos de Clausura, Tour Gastronómico, Visita guiada nocturna, Visita Guiada as igrexas e Visita combinada cidade histórica e Cidade da Cultura.

2.2.4.- Merchandising

Para 2014 prevese reeditar a oferta de merchandising coa nova imaxe da marca Turismo de Santiago, co fin de xerar un ingreso adicional para financiar as actividades da empresa.


2.2.5.- Publicacións

As publicacións editadas por INCOLSA teñen como obxecto promocionar a imaxe de Santiago a través dos medios de comunicación, mediante a "publicity", e a elaboración de publicacións segmentadas que amosen a diversidade da súa oferta turística.

00.367



TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



CONCELLO DE
SANTIAGO

A través da imaxe e eixo de comunicación da cidade de Santiago a nivel turístico, "Santiago é Grande", fanse accións integrais de comunicación con aplicacións en todas as ferramentas de comunicación: flyers, folletos, vídeo, web, papelería, etc.

Todas estas aplicacións, obrigan a manter, repoñer material e evolucionar todas as accións do eixo temático Santiago é Grande, destacando:

Os **flyers agasallo** que se entregan na oficina de turismo xunto co plano turístico da cidade. Presentan unha primeira distribución espacial da cidade facendo recomendacións sobre que visitar e que actividades se poden fazer, complementando así a información do plano. Esta publicación editouse en galego, castelán, inglés, francés, alemán, italiano, xaponés e portugués.

O **folleto xeral orixe**, empregase como reforzo á promoción en feiras profesionais. É un folleto más xeral que ten a versatilidade de ser válido tanto para profesionais como para público xeral. Destaca dun xeito xenérico o máis importante da cidade: patrimonio da Humanidade, Universidade, Capital cultural, meta do Camiño, etc, e cun pequeno directorio da cidade. Edítase nos seguintes idiomas: galego, castelán, inglés, francés, alemán, italiano, xaponés e portugués.

A **Guía Profesional de Santiago de Compostela**, é un gran directorio de todo o sector turístico da cidade dirixido exclusivamente ao sector profesional co obxecto de poñer en valor todos os produtos, recursos, servizos, transportes e empresas de interese para o sector. É un manual útil para work-shops, misións inversas, fam-trips e outras accións de promoción. Está dispoñible en castelán, galego e inglés.

O **mapa de Santiago**, que é a ferramenta básica de uso de información turística, moi ben valorada polos usuarios. Conta cun atractivo deseño e recolle todos os recursos, servizos e información xeral da cidade. Existe unha versión única.

O **folleto Santiago en MP3**, que serve de apoio ás locucións da audioguía, e permite situarse nos itinerarios e nos 23 puntos de interese que se describen no contido da mesma. Esta dispoñible nunha edición única trilingüe.

Entre as publicacións dispoñíbeis para 2014 están as publicacións para público infantil, Catedral, Arquitectura Contemporánea, Turismo MICE, Guía Gastronómica, Postais para nenos,

2.2.6.- Páxina Web

Dentro da comunicación virtual a web www.santiagoturismo.com, amósase como unha importante ferramenta de traballo e de divulgación dos recursos e do potencial turístico da cidade. Esta



ferramenta, dispoñible en 7 idiomas, require de continua actualización de contidos, que abordan desde suxestións de que facer na cidade, que ver, Santiago temático, onde aloxarse, Central de Reservas, e un longo etcétera. Ademais da información útil para o público xeral, tamén contempla unha zona de acceso para profesionais.

Os servizos de mantemento da web, consisten basicamente en:

- Actualización de contidos dinámicos de todos os sites de Turismo de Santiago: axenda cultural, carteira etc...
- Actualización de bases de datos para o web e subida puntual de contidos da central de reservas.
- Marcado de etiquetas dende a área de xestión.
- Tratamento fotográfico dende a área de xestión.
- Contacto directo cos contedores culturais da cidade para que pasen a programación mensual e logo facela visible no site.
- Actualización e relación coas redes sociais: facebook, twitter, youtube, ...
- Actualización do blog de Turismo de Santiago.

2.2.7.- Feira WOMEX

Do 22 ao 26 de outubro de 2014, está prevista a celebración en Santiago da vixésima edición da Feira WOMEX, considerada o máis importante mercado profesional internacional de world music de todos os estilos.


Esta feira reunirá na cidade a numerosos profesionais do sector. Xunto aos numerosos delegados acreditados, cada edición congrega uns 450 artistas e técnicos e preto de 400 xornalistas chegados de numerosos países que garanten a repercusión mediática internacional do evento.

Durante os días que dura a feira os profesionais do sector reúnense arredor dun gran recinto feiral que acolle os stands e empresas expositoras. Así mesmo, os asistentes teñen a oportunidade de participar nun intenso programa de concertos, conferencias e proxeccións de documentais nas que os artistas e empresas locais gozan dunha destacada presenza.

En cada edición, a organización de Womex asóciase cunha estrutura de producción local de contrastada experiencia, que é a responsable da coordinación sobre o terreo, da contratación dos servizos na cidade sede e da procura de apoios institucionais e patrocinios a nivel local. Neste caso, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria –a través da Agadic e da Fundación Cidade da Cultura– e o Concello de Santiago de Compostela apoiaron a candidatura compostelá, liderada por Nordesía Producións.



TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



CORTEO DE
SANTIAGO

2.2.8.- Turismo gastronómico

Para o exercicio 2014 está previsto realizar accións para a consolidación do produto Turismo Gastronómico.

Estas accións oriéntanse a promover a cultura gastronómica e consolidar a imaxe da cidade de Santiago como destino enogastronómico e por en valor a súa oferta de restauración.

Así mesmo, está prevista para 2014 a colaboración con actividades de difusión e promoción do turismo gastronómico organizadas por outros axentes e a preparación de campañas mediáticas.

2.2.9.- Congreso de cidades de peregrinación

Para o 2014 foi anunciada a celebración dun gran congreso internacional sobre Peregrinacións no Mundo que terá como sede a cidade de Santiago, meta do Primeiro Itinerario Cultural de Europa, o Camiño de Santiago.

Santiago de Compostela acollerá este encontro que ten como finalidade analizar o fenómeno das peregrinacións no mundo desde a óptica cultural, económica, turística, relixiosa, ética ou histórica. Este congreso internacional convertirá á capital de Galicia no centro mundial do estudo da peregrinación nas diversas culturas do planeta.

Colaboran na organización deste congreso a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e a Organización Mundial para o Turismo.

2.3.- COMERCIALIZACIÓN:

Dentro desta área trátase de desenvolver estratexias que permitan unha mellor comercialización da oferta turística da cidade. Para iso Turismo de Santiago conta coa ferramenta da súa Central de Reservas, que opera a través de teléfono e de Internet na web www.santiagoreservas.com.

O obxectivo é aumentar as pernoctacións, especialmente nos meses de menos estadías na cidade (entre novembro e marzo), para continuar mellorando a desestacionalización na cidade e profundizar na captación de congresos.



TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




CONCELLO DE
SANTIAGO

2.4.- CALIDADE:

O obxectivo de cara ao 2014 neste apartado é a avaliación do servizo de atención turística, mediante a recollida de datos a través de enquisas de satisfacción aos usuarios, co fin de garantir unha información turística de calidade e acorde co destino.

Dentro deste área preténdese continuar coa elaboración dos estudos de caracterización da demanda turística de Santiago de Compostela, que xa se veñen realizado con carácter continuo. O principal obxectivo destes estudos é debuxar un perfil do visitante da cidade, en termos cualitativos, a partir da análise das principais variables relacionadas coa visita. En particular, as motivacións da viaxe, organización da mesma, caracterización da estadía, grao de satisfacción, principais atractivos, perfil sociodemográfico,... Ten esencialmente un carácter continuo debido á necesidade de obter información en períodos temporais distintos, para observar os cambios na tipoloxía de visitantes da cidade ao longo do ano (e posteriormente entre distintos anos), e medir así posibles tendencias nalgún dos principais segmentos analizados. Neste sentido cabe resaltar a necesaria distinción entre o comportamento do turista e o excursionista dentro da cidade, e tamén entre outros segmentos extraídos a partir da análise das motivacións principais da viaxe ou do lugar de procedencia, entre outros.





ESTADO DE PREVISIÓN DE INGRESOS E GASTOS PARA O EXERCICIO 2014

As previsións de ingresos e gastos que se establecen para o exercicio 2014, recóllese resumidas nas seguintes partidas :

	Base Imponible	IVE	Total
INGRESOS	2.209.180,45	51.277,89	2.260.458,34
Concello de Santiago de Compostela	1.720.000,00	0,00	1.720.000,00
Deputación Provincial da Coruña (PCT)	115.000,00	0,00	115.000,00
Deputación Provincial da Coruña (Campaña de Promoción en Europa)	130.000,00	0,00	130.000,00
Tren turístico	172.280,45	36.178,89	208.459,34
Central de Reservas	51.900,00	10.899,00	62.799,00
Merchandising	20.000,00	4.200,00	24.200,00
GASTOS	2.151.610,74	108.847,60	2.260.458,34
Persoal			790.370,75
Soldos e Salarios do persoal de estrutura	537.255,46		
Cargas Sociais persoal de estrutura	161.745,05		
Reforzo Atención turística	60.152,34		
Cargas sociais Reforzo Atención turística	19.308,90		
Outros Gastos de Persoal	11.909,00		
Xerais	150.000,00	28.066,50	178.066,50
Gastos financeiros	16.568,09		16.568,09
Plan de promoción turística	222.771,90	46.782,10	269.554,00
Feira WOMEX	100.000,00	21.000,00	121.000,00
Campaña de Promoción en mercados estratégicos	810.000,00		810.000,00
Central de Reservas	51.900,00	10.899,00	62.799,00
Compras merchandising	10.000,00	2.100,00	12.100,00
RESULTADO			0,00

20 372



TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



INGRESOS

SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE SANTIAGO

O Concello de Santiago de Compostela posúe o cento por cento das accións de INCOLSA. Para o exercicio 2014 está prevista unha achega de 1.720.000,00 euros procedentes dos orzamentos municipais. Esta subvención concédese para o financiamento das seguintes actuacións:

- Actuacións de deseño e execución de accións de atención e promoción turística.
- Colaboración do Concello de Santiago de Compostela na organización da vixésima edición da Feira WOMEX, prevista para o mes de outubro de 2014.
- Campaña de promoción en mercados estratéxicos.

A transferencia correspondente a esta achega prevese que sexa abonada ao longo do exercicio económico, en cotas mensuais, e de acordo co establecido no Plan de disposición de fondos da Tesourería municipal.

SUBVENCIÓNS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS

Prevese a obtención dunha subvención procedente da Deputación Provincial da Coruña por importe de 115.000,00 euros, para o financiamento do Plan de Competitividade Turística. Esta subvención formalizaríase mediante convenio entre o Concello de Santiago e a Excma Deputación Provincial, sendo posteriormente encomendada a execución e xustificación do mesmo á sociedade municipal.

Así mesmo, prevese a obtención dunha subvención procedente da Deputación Provincial da Coruña por importe de 130.000,00 euros, para o financiamento dunha Campaña de Promoción en Europa. Esta subvención formalizaríase mediante convenio entre o Concello de Santiago e a Excma Deputación Provincial, sendo posteriormente encomendada a execución e xustificación do mesmo á sociedade municipal.

OUTROS INGRESOS

INCOLSA conta con ingresos propios derivados da comercialización do Tren turístico, da Central de Reservas e da venda de merchandising e produtos turísticos.



TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Tren Turístico :

Segundo o establecido no contrato de adxudicación da explotación deste servizo, asinado con Transportes Mosquera, S.L., a empresa adxudicataria deberá abonar a INCOLSA o 50% dos ingresos do servizo.

As previsións de ingresos para 2014, calcúlanse en base aos datos de ingresos do tren para o período anual comprendido entre outubro de 2012 e setembro de 2013, e estímanse na cantidade de 172.280,45 euros (máis IVE).

Central de Reservas :

En 2014 estará en vigor o contrato formalizado con Viajes Viloria, S.A., como adxudicataria dos servizos de xestión integral da operativa (booking) da Central de Reservas de Turismo de Santiago (Expte 2013/01).

De acordo co devandito contrato todos os beneficios netos obtidos da operativa comercial da Central de Reservas de INCOLSA serán para a empresa municipal. Estes ingresos estímase que acaden, cando menos, o importe do prezo de adxudicación do servizo de xestión integral da operativa (Booking) da Central de Reservas, que ascende á cifra de 51.900,00 euros (máis IVE).

Merchandising:

En base aos datos de 2013, e tendo en conta que ao longo do exercicio 2014 se prevé actualizar e ampliar a liña de merchandising á venda na oficina central de turismo, estímanse as vendas de merchandising na cantidade de 20.000,00 euros.

GASTOS

Gastos de persoal:

A continuación incorpórarse o cadre de gastos do persoal de estrutura, con salarios, e antigüidades; os importes a abonar en concepto de dietas por asistencia aos Consellos de Administración e por desprazamentos do persoal, así como o importe dos salarios e cargas sociais do reforzo de información turística, previsto para atender as oficinas de turismo.

A determinación do importe destes gastos fixose tendo en conta as bases e tipos de cotización vixentes a 17 de decembro de 2013.

**CASTOS DE PERSOAL ORZAMENTO INCOLSA 2014**

Persoal de Estrutura		Salario bruto anual 2014
Xerencia	Xerente	55.879,09
Responsables de Área	Técnico de Turismo	35.595,53
	Técnico de Administración	35.595,53
Outro Persoal		
	Xomalista	27.589,97
	Film Commissioner	27.589,97
	Adxunto Área Promoción	27.589,97
	Técnico SCCB	27.589,97
	Técnico de Marketing	27.589,97
	Técnico de Comunicación	27.589,97
	Técnico Contable e de Calidade	27.589,97
	Coordinador Oficinas de Turismo	27.589,97
	Secretaria de dirección	27.589,97
	Informador turístico_1	18.515,00
	Informador turístico_2	18.515,00
	Informador turístico_3	18.515,00
	Informador turístico_4	18.515,00
	Informador turístico_5	18.515,00
	Informador turístico_6	18.515,00
Subtotal		486.469,89
Antigüedad		50.785,57
Seguridade Social		161.745,05
Total Persoal de Estrutura		699.000,51

Outros Gastos de Persoal		Estimación
Dietas Consello de Admón (12 sesións)		5.409,00
Dietas por desprazamentos do persoal		6.500,00
Subtotal		11.909,00
Seguridade Social		0,00
Total Outros gastos de persoal		11.909,00

Reforzo información turística		Salario bruto anual 2014 + Liquidacións
Informadores turísticos	Persoal eventual oficina aeroporto(20 horas) (marzo-decembro) (2 pax.)	17.186,38
	Persoal eventual reforzo oficina Rúa do Vilar (40 horas) (maio-outubro) (3 pax.)	30.935,49
	Persoal eventual reforzo oficina Rúa do Vilar (20 horas) (maio-outubro) (1 pax.)	5.155,91
	Persoal eventual oficina San Lázaro (20 horas) (xuño-setembro) (2 pax.)	6.874,56
Subtotal		60.152,34
Seguridade Social		19.308,90
Total Persoal Reforzo de información turística		79.461,24

TOTAL GASTOS DE PERSOAL	790.370,75
--------------------------------	-------------------

(*) Cálculos realizados segundo bases máximas e tipos de cotización vixentes a 17 de decembro de 2013

**Gastos xerais:**

No apartado de gastos xerais recóllese fundamentalmente a estimación de gastos derivados do aluguer do local destinado a oficinas, os gastos básicos de auga, luz, teléfono, correos, material de oficina, renting fotocopiadora, limpeza, mantemento, correos e mensaxería, conexión alarma, primas de seguro, gastos de asesoría e auditoría, gastos por desprazamentos do persoal, prevención de riscos laborais e vixiancia da saúde, etc.

Concepto	Estimación 2014	IVE	Total
Alugueiros	45.000,00	9.450,00	54.450,00
Renting equipos oficina	3.060,00	642,60	3.702,60
Limpeza oficinas	6.250,00	1.312,50	7.562,50
Mantemento sinalización e almacén	17.000,00	3.570,00	20.570,00
Mantemento informático	5.200,00	1.092,00	6.292,00
Outros gastos de mantemento: alarma, centraliña, ...	1.670,00	350,70	2.020,70
Asesoría laboral, fiscal e xurídica	14.900,00	3.129,00	18.029,00
Gastos rexistro mercantil e outros (notarios, BOP,...)	1.700,00	357,00	2.057,00
Gastos auditoría	5.400,00	1.134,00	6.534,00
Pólizas de seguros	16.050,00	0,00	16.050,00
Subministración (luz, auga e teléfono)	15.895,00	3.337,95	19.232,95
Material de oficina e reprografía	2.400,00	504,00	2.904,00
Procesos de selección de persoal	3.000,00	630,00	3.630,00
Correos e mensaxería	2.100,00	441,00	2.541,00
Gastos transporte por desprazamentos do persoal	4.600,00	966,00	5.566,00
Servizos de prevención de riscos laborais e de vixilancia da saúde	1.900,00	399,00	2.299,00
Servizos bancarios	300,00	0,00	300,00
Subscrepcións prensa	700,00	147,00	847,00
Gastos varios	2.875,00	603,75	3.478,75
TOTAL	150.000,00	28.066,50	178.066,50

Gastos financeiros:

Este apartado recolle a carga financeira derivada da operación de tesourería que se prevé formalizar en 2014 para atender as necesidades de tesourería a curto prazo da sociedade. O límite máximo desta operación de tesourería en base aos datos de ingresos correntes do derradeiro exercicio cerrado é de 370.000,00 euros. A carga financeira para o exercicio 2014 desta operación estímase en 16.568,09 euros. Os cálculos para a determinación destas cantidades fanse en base ás condicións más vantaxosas das ofertadas polas entidades bancarias



TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



para a formalización desta póliza de crédito e prevendo unha porcentaxe de disposición do 100% durante toda a vixencia da mesma.

Plan de promoción turística:

Dentro deste epígrafe recóllense todas as actuacións a levar a cabo para a promoción de Santiago de Compostela como destino turístico.

O plan engloba as accións de información turística, marketing, comercialización, calidade e promoción, a excepción das que se corresponden coa execución da Campaña para promoción da cidade en mercados nacionais e internacionais estratéxicos, que figurán nun epígrafe separado.

Feira WOMEX:

Dentro deste epígrafe recóllense todas as actuacións a levar a cabo con motivo da colaboración do Concello de Santiago de Compostela na organización da vixésima edición da Feira WOMEX, prevista para o mes de outubro de 2014.

Campaña de promoción en mercados estratégicos:

Dentro deste epígrafe recóllense os gastos derivados da execución da campaña para promoción de Santiago de Compostela en mercados nacionais e internacionais estratéxicos prevista para 2014.

Central de Reservas:

Neste epígrafe recóllese o prezo de adxudicación do servizo de xestión integral da operativa (booking) da Central de Reservas de Turismo de Santiago, contratado con Viajes Viloria, S.A., e que ascende á cantidade de 51.900,00 euros anuais (máis IVE).

Compras merchandising:


Neste apartado recóllese o custo estimado da adquisición de merchandising para poñer á venda directa na oficina central de Turismo.



**ESTADO PREVISIONAL DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS ABREVIADA PARA O EXERCICIO
2014**

Título	(Debe) Haber
1. Importe neto da cifra de negocios.	244.180,45
2. Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación	
3. Traballo realizados pola empresa para o seu activo.	
4. Aprovisionamentos .	(61.900,00)
5. Outros ingresos de explotación.	1.965.000,00
6. Gastos de persoal.	(790.370,75)
7. Outros gastos de explotación.	(1.282.771,90)
8. Amortización do inmobiliado.	(10.632,69)
9. Imputación de subvencións de inmobiliado non financeiro e outras.	27,40
10. Excesos de provisións.	
11. Deterioro e resultado por alleamientos do inmobiliado.	
13. Outros resultados.	
A1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11)	63.532,51
14. Ingresos financeiros.	
15. Gastos financeiros.	(16.568,09)
16. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros.	
17. Diferenzas de cambio.	
18. Deterioro e resultado por alleamientos de instrumentos financeiros.	
B) RESULTADO FINANCIERO (12+13+14+15+16)	(16.568,09)
C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B)	46.964,42
19. Impostos sobre beneficios.	(117,41)
D) RESULTADO DO EXERCICIO (C + 17)	46.847,01

00.378



CONCELLO DE
SANTIAGO



TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

JOSÉ RAMÓN ALONSO FERNÁNDEZ VICESECRETARIO DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN
DA EMPRESA MUNICIPAL INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A

CERTIFICO:

Que o Consello de Administración da Empresa Municipal Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA), na sesión celebrada o día 30 de decembro de 2013, adoptou entre outros, o seguinte acordo:

1.- PROPOSTA DE ORZAMENTO DA SOCIEDADE INCOLSA PARA A ANUALIDADE 2014.

Aprobar a proposta de orzamento da sociedade para a anualidade 2014, que se recolle nos seguintes documentos: Programa anual de actuacións, investimentos e financiamento, Estado de previsión de ingresos e gastos e Estado Previsional da conta de perdas e ganancias abreviada para o exercicio 2014, que figuran a continuación, e que se compoñen de 19 páxinas, todas elas coa miña rúbrica.

E para que conste aos efectos oportunos expido a presente de orde e co Visto e Prace da Sra. Presidenta en Santiago de Compostela a 30 de decembro de dous mil trece.

Vº. E Prace,
A PRESIDENTA,

O VICESECRETARIO

Asdo. Reyes Leis Rodríguez